

A Sociedade da Información nas empresas de Galicia

EDICIÓN 2014

 Índice

Presentación do estudo

I. Caracterización do sector empresarial galego

II. Equipamento TIC e contratación de Internet

Dispoñibilidade de ordenador

Contratación de Internet

Velocidade e Banda larga móbil

Xestión empresarial .

III. Páxina web e redes sociais

IV. Comercio electrónico

V. Interacción coas AAPP a través de Internet

VI. Análise sectorial

VII. Análise provincial

Conclusións

Presentación do estudo

O Observatorio da Sociedade da Información e a Modernización de Galicia (OSIMGA), adscrito á Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega), foi o responsable de realizar a análise que se presenta neste diagnóstico sobre “A Sociedade da Información nas empresas de Galicia. Edición 2014”

Marco estratéxico: Axenda Dixital da Xunta de Galicia.

Obxectivos

Analizar en detalle e, cunha perspectiva sectorial e provincial, información cuantitativa tanto de microempresas como de empresas de 10 e máis traballadores/as, relacionada co:

- Equipamento TIC e conectividade a Internet
- Xestión empresarial a través do uso de ferramentas TIC
- Disponibilidade de páxina web e os crecentes fenómenos das redes sociais e o cloud computing
- Comercio electrónico e a interacción coas Administracións Públicas a través de Internet.

Maior eficiencia e coordinación da actividade estatística

A información que se amosa neste documento procede da Enquisa sobre uso de TIC e comercio electrónico nas empresas do Instituto Nacional de Estatística (INE) e foi facilitada a través do Instituto Galego de Estatística (IGE) en virtude do marco do convenio de colaboración asinado entre a Amtega, o IGE e o INE.

Datos complementarios aos publicados polo INE

O Convenio de Colaboración tamén permite que se facilite ao OSIMGA unha ampliación dos datos publicados polo INE, ofrecendo datos complementarios especialmente no que se refiere a:

- Ampliación de datos relativos ás microempresas galegas
- Comercio Electrónico nas empresas galegas
- Datos das empresas con sede fóra de Galicia pero que desenvolven parte da súa actividade na Comunidade Galega.

I. Caracterización do sector empresarial galego (I)

Ubicación das empresas


(Total de empresas)

	MENOS DE 9	10 OU MÁIS	TOTAL
	TRABALLADORES/AS	TRABALLADORES/AS	
A CORUÑA	80.901	3.114	84.015
LUGO	24.244	802	25.046
OURENSE	22.750	747	23.497
PONTEVEDRA	65.739	2.796	68.535
CON SEDE FÓRA DE GALICIA E ACTIVIDADE EN GALICIA	3.304	1.122	4.426
TOTAL	196.938	8.581	205.519



Distribución das empresas segundo número de traballadores/as

(% sobre o total de empresas con sede e/ou actividade en Galicia)



Fonte: IGE, Directorio Xeral de empresas e unidades locais, 2013.

☞ En Galicia existen 205.519 empresas, das que o 95,8% contan con menos de 10 traballadores/as.



☞ Dúas provincias galegas concentran o 74,2% do total de empresas de Galicia: A Coruña, cun 40,9%, e Pontevedra cun 33,3%.

☞ 4.426 empresas teñen a súa sede fóra de Galicia pero desenvolven actividade empresarial na Comunidade Galega.

I. Caracterización do sector empresarial galego (II)

A actividade concéntrase fundamentalmente no sector servizos, onde se inscriben o 76,8% das empresas galegas.

O 55,5% das empresas galegas están establecidas baixo a forma xurídica de “persoas físicas”, e o 44,5% restante son formas societarias e outras formas xurídicas.






II. Equipamento TIC e contratación de Internet



A SOCIEDADE DA INFORMACIÓN NAS EMPRESAS DE GALICIA

Contratación de Internet

Empresas de 0 a 9 empregados/as
Evolución e Comparación Galicia e España
(% sobre o total de empresas)




Fonte: INE

➔ O 62,7% das microempresas galegas dispón de conexión á Internet.

➔ A práctica totalidade de empresas de 10 ou máis traballadores/as ten contratado Internet.



Empresas de 10 e máis empregados/as
Evolución e Comparación Galicia e España
(% sobre o total de empresas)




Fonte: INE

Nota: Non dispoñibles datos de empresas multilocalizadas con actividade en Galicia anteriores a 2013



Banda larga móbil

Conexión a Internet a través de Banda larga móbil. Galicia



Fonte: INE

Base: Empresas con conexión a Internet

➔ Máis da metade das empresas galegas de 10 ou máis traballadores/as con actividade en Galicia proporcionaron ao seu persoal algún tipo de dispositivo portátil que permite a conexión móbil á Internet para uso empresarial.

➔ Este dato nas microempresas sitúase no 14,2%, o que indica unha baixa penetración destes dispositivos nas empresas pequenas.

➔ O acceso a Internet mediante a Banda Larga móbil xa está presente en tres de cada catro empresas galegas de 10 ou máis traballadores/as.

➔ Nas microempresas o indicador é tamén moi positivo, cun 63,4% de microempresas con Internet que xa contratan banda larga móbil e cun ritmo de crecemento superior que o estatal (aumenta 11,4 puntos fronte aos 9,6 da media estatal).

Empresas que proporcionaron dispositivos portátiles de conexión móbil a Internet aos seus empregados/as	
MENOS DE 0 A 9 TRABALLADORES/AS DE 10 OU MÁIS TRABALLADORES/AS CON SEDE EN GALICIA	14,2%
DE 10 OU MÁIS TRABALLADORES/AS CON SEDE E/OU ACTIVIDADE EN GALICIA	54,5%


Fonte: INE

Base: Empresas con conexión a Internet



Velocidade

Velocidade de conexión a Internet contratada. Galicia



Fonte: INE

Base: Empresas con conexión a Internet

☞ Catro de cada dez microempresas con conexión á Rede teñen contratado velocidades de acceso a Internet maiores a 10 Mb/seg, 2 puntos máis que o ano anterior.

☞ Nas empresas de maior tamaño, máis da metade xa dispoñen de velocidades superiores aos 10 Mb/seg


☞ Ao redor do 10% xa conta con velocidades ultrarrápidas superiores aos 100 Mb/seg.



Xestión empresarial - cloud computing

Compra de solucións Cloud Computing

(% sobre o total de empresas con conexión a Internet)



Fonte: INE


👉 O tamaño da empresa inflúe de xeito decisivo na compra de solucións de Cloud Computing:

👉 Un 3,5% das microempresas galegas compraron este tipo de solucións, elevándose esta porcentaxe ata o 15,8% nas empresas máis grandes con actividade en Galicia.

👉 As solucións de Cloud Computing que máis compraron as empresas galegas foron o almacenamento de ficheiros, servidores de bases de datos e o correo electrónico.

Solucións de Cloud Computing: Desglose

(% sobre o total de empresas con conexión a Internet)



Fonte: INE




III. Páxina web e redes sociais (I)



Disponibilidade de páxina web

(% sobre o total de empresas con conexión a Internet)



Fonte: INE

- ☞ Tres de cada catro empresas de 10 ou máis traballadores/as con actividade en Galicia dispoñen de páxina web.
- ☞ Nas empresas pequenas, esta proporción descende significativamente, de xeito que unha de cada tres microempresas con conexión a Internet ten un portal web para publicitar a imaxe da empresa
- ☞ As empresas galegas experimentaron un incremento moi positivo de páxinas web empresariais:
 - ☞ Microempresas: crecemento de 5,1 puntos e situándose 3,5 por riba da media estatal.
 - ☞ No caso das grandes empresas que teñen actividade en Galicia, esta porcentaxe subiu 6,8 puntos, converxendo coa media estatal.




III. Páxina web e redes sociais (II)



Empresas que utilizaron Redes sociais

Comparación Galicia e España

(% sobre o total de empresas de 0 a 9 empregados/as)




Fonte: INE

Empresas que utilizaron Redes sociais

Comparación Galicia e España

(% sobre o total de empresas de 10 ou máis empregados/as)



Fonte: INE

☞ As redes sociais teñen un grande calado entre as microempresas galegas.

☞ Aumenta a porcentaxe de empresas galegas que utilizan as redes sociais: 8,8 puntos no caso das microempresas e, para as empresas de 10 e máis traballadores/as con actividade en Galicia, o incremento foi de 9,4 puntos

☞ No caso das microempresas e das grandes empresas con actividade en Galicia, o nivel de utilización das redes sociais é superior á media estatal.






III. Páxina web e redes sociais (III)



Emprego doutros medios sociais

(% sobre o total de empresas que usan medios sociais)




Fonte: INE

➡ Outras tipoloxías de medios sociais tamén foron empregadas de xeito significativo no ano 2014. A que máis destacou foron os blogs de empresas ou microblogs, especialmente estendidos nas empresas máis grandes con actividade en Galicia (43,5%) aínda que tamén con importante presenza nas microempresas (26,6%).

IV. Comercio electrónico

Empresas que venderon a través de Internet no último ano

(% sobre o total de empresas)



Fonte: INE



☞ España é o territorio predominante cara onde as empresas galegas dirixen as súas vendas

☞ A Unión Europea e o resto do mundo son lugares que teñen certa relevancia para as empresas de maior tamaño


☞ De novo o tamaño da empresa inflúe de xeito decisivo nas vendas electrónicas.

☞ A venda a través de Internet en Galicia supera a media estatal e experimenta evolución positiva:

- ☞ Aumento en microempresas: 2,4 puntos
- ☞ Nas empresas de 10 ou máis traballadores/as galegas, o crecemento foi de máis de 4 puntos.

Distribución de vendas segundo área xeográfica

(% sobre o total de empresas)





V. Interacción coas AAPP




☞ Nove de cada dez empresas de 10 ou máis empregados/as interactúan coas Administracións Públicas a través de Internet.

☞ O valor deste indicador para as microempresas é significativamente elevado: dúas de cada tres microempresas fan xestións coa Administración a través da Rede. O indicador continúa coa progresión positiva, situándose por riba da media estatal.

Empresas que interactuaron coas AAPP a través de Internet no último ano

Comparación Galicia e España

(% sobre o total de empresas de 0 a 9 empregados/as con conexión a Internet)




Fonte: INE

Empresas que interactuaron coas AAPP a través de Internet no último ano

Comparación Galicia e España

(% sobre o total de empresas de 10 ou máis empregados/as con conexión a Internet)




Fonte: INE

V. Interacción coas AAPP

- ☞ Tres de cada catro empresas galegas de 10 ou máis traballadores/as con conexión a Internet realizou declaracións de impostos a través da Rede. No caso das microempresas, a porcentaxe sitúase no 40,5%.
- ☞ Máis da metade das empresas de máis de 10 empregados/as realizou contribucións á Seguridade Social a través da Rede mentres que a porcentaxe redúcese máis da metade entre as microempresas galegas.
- ☞ Cabe salientar un crecemento significativo nas grandes empresas con sede en Galicia:
 - ☞ Máis de 7 puntos porcentuais na declaración de impostos telemática
 - ☞ Máis de 10 puntos nas contribucións á Seguridade Social.

Empresas que interactuaron coas AAPP a través de Internet no último ano para realizar declaración de impostos á Seguridade Social


(%sobre o total de empresas con conexión a Internet)



Fonte: INE

Empresas que interactuaron coas AAPP a través de Internet no último ano para realizar contribucións á Seguridade Social

(%sobre o total de empresas con conexión a Internet)




Fonte: INE



VI. Análise sectorial (I)

Empresas que disponen de conexión a Internet segundo a actividade

(% sobre o total de empresas)




Fonte: INE



A SOCIEDADE DA INFORMACIÓN NAS EMPRESAS DE GALICIA

Redes Sociais (Facebook, LinkedIn, Tuenti, Google+, Viadeo, Yanner...) segundo a actividade

(% sobre o total de empresas)



Fonte: INE

☞ Contratación de Internet: Significativa fenda entre as microempresas do sector Servizos (70,3%) e da Construción (39,4%).

☞ O sector Servizos presenta as porcentaxes máis elevadas de presenza nas redes sociais entre as grandes empresas mentres que entre as microempresas destacan as do sector Construción.




VII. Análise provincial

➡ Na Coruña e Lugo, a porcentaxe de uso das redes sociais é maior nas microempresas que nas empresas máis grandes, o que pon de manifesto a súa importancia para o pequeno empresariado.




Redes Sociais (Facebook, LinkedIn, Tuenti, Google+, Viadeo, Yanner...) segundo provincia

(%sobre o total de empresas)



Acceso a Internet a través de Banda Larga Móbil segundo provincia

(%sobre o total de empresas con conexión a Internet)



➡ A conexión de banda larga a través de tecnoloxía móbil está cada vez máis estendida nas empresas galegas: nas empresas de máis persoal destacan as de Ourense e, entre as microempresas destacan as de Lugo.



Conclusións

- ☞ Galicia conta con 205.519 empresas, das que o 95,8% teñen menos de 10 traballadores/as. Servizos é o sector de actividade maioritario (76,8%).
- ☞ **Significativo avance da banda larga móbil:** Prosigue o incremento da banda larga móbil (11,4 puntos) entre as micropresas galegas con conexión a Internet, sitúandose no 63,4%, cun ritmo de crecemento superior ao estatal. O acceso a Internet a través de banda larga móbil está presente em tres de cada catro empresas de 10 ou máis empregados/as.
- ☞ **Optimización da xestión empresarial: Cloud Computing e Redes Sociais:**
 - ☞ O 15,8% das empresas de 10 e máis traballadores/as con conexión a Internet que desenvolven actividade en Galicia compran solucións Cloud Computing, valor superior á media estatal (15%)
 - ☞ Máis do 30% das empresas galegas con conexión a Internet utilizou as redes sociais. A presenza nas redes sociais das microempresas supera lixeiramente á das empresas de 10 ou máis traballadores/as con sede en Galicia.
- ☞ **Crecemento do comercio electrónico nas grandes empresas:** O 20,6% das empresas de 10 ou máis traballadores/as con actividade en Galicia venderon a través de Internet, case 3 puntos por riba da media estatal. A venda a través de Internet en Galicia supera a media estatal e experimenta evolución positiva: (Aumento en microempresas: 2,4 puntos e nas empresas de 10 ou máis traballadores/as galegas, o crecemento foi de máis de 4 puntos.
- ☞ As microempresas galegas superan a media estatal en interacción coas AAPP e en uso de redes sociais.



Máis información: www.osimga.org